

# Lazareto Diario

ESPAZOS TEUs

WWW.CORUNA.ES/PARTICIPACION

VOL. I

## REABRE O FARO DE OZA



**TEU**  
**Espazos**  
**abertos de uso**  
**ciudadán.**



CORUÑA  
> PRÓXIMA

## Que son os TEUs?

Espazos Abertos de Uso Cidadán cun novo modelo de xestión posto en marcha polo Concello da Coruña. O Faro de Oza é o primeiro espazo TEU municipal que se abre na cidade, estando a disposición de toda a veciñanza.

Os TEUs promoverán o mellor aproveitamento dos recursos públicos, favorecendo os usos compartidos dos espazos municipais, tanto para asociacións, como para toda a veciñanza, de maneira que máis persoas se vexan beneficiadas dos recursos que son de todas e todos.

## Quen pode facer uso do Faro de Oza?

Cidadás e cidadáns que precisen dun lugar para una reunión de ámbito privado. Asociacións, entidades sen ánimo de lucro ou colectivos informais que desexen desenvolver unha actividade social ou cultural (assemblea de persoas socias, accións formativas, etc.)

**En todos os casos a autorización de uso será GRATUITA  
As persoas usuarias do faro serán responsables do seu coidado**

## Características do espazo

O Faro de Oza dispón de dúas salas, unha de 40 m<sup>2</sup> e outra de 30 m<sup>2</sup> equipadas con cadeiras e mesas plegables.

## Que teño que facer para usalo?

Na páxina web de participación pódese consultar o calendario de dispoñibilidade do faro: [www.coruna.es/participacion](http://www.coruna.es/participacion).

Para solicitar o seu uso é necesario presentar a solicitude sempre por rexistro, ben fisicamente ou a través da sede electrónica. Poderá solicitarse calquera data dentro do mes en curso e dos dous posteriores, sempre cunha antelación mínima de 7 días naturais antes do evento.

**As autorizacións de uso efectuaranse por estrita orde  
de entrada das solicitudes no rexistro.**

## Recollida e devolución das chaves

As chaves recolleranse e devolveranse no propio Faro de Oza, ao inicio e finalización da actividade, entregándose única e exclusivamente á persoa que asinara a solicitude.

Para recollelas, a persoa autorizada deberá identificarse co seu DNI e a copia da solicitude e deberá asinar o documento de autorización de uso e o compromiso de cumprimento da normativa.

**Será preciso abandonar la instalación antes das 22:00 horas  
do día de remate da autorización de uso**

**Máis información en [www.coruna.es/participacion](http://www.coruna.es/participacion)**

**TEU**

Espazos  
abertos de  
uso cidadán



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
PRÓXIMA